

RECIBO DE PRESENTACIÓN EN EL REGISTRO ELECTRÓNICO DE LA XUNTA DE GALICIA

La solicitud, escrito o comunicación para Solicitud electrónica genérica presentada por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA con NIF [REDACTED] tuvo entrada en el Registro Electrónico de la Xunta de Galicia con los siguientes datos:

NÚMERO DE ENTRADA	FECHA Y HORA DE LA PRESENTACIÓN	DESTINO
2026/462089	18-02-2026 13:09	DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

La siguiente tabla incluye un resumen electrónico de la solicitud, escrito o comunicación presentada y, en su caso, un índice y un resumen electrónico de la documentación que se declara presentar:

Documento presentado	Nombre del archivo	Resumen electrónico del archivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitud	Solicitud-PR004A-20260218.pdf	C08FAA9B925C8B002F42E3B3BB693A7A7A9A268F38F CBB878F1BB97D917355CE
DOTACIÓN CADRO PERSOAL TRIBUNAL INSTANCIA LALIN	DEN. ASIN. SOL. REFORZOS CARENC.CADRO PERSOAL LALIN.pdf	ED416EF26D37BC8C3152165172C62A582F2F3A05E663 2B3077288D8C877C02FF

DIRECCIÓN XERAL XUSTIZA

Rúa Madrid, 2-4, 2º andar – Pol.Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
D. José Tronchoni Alber

Por medio do presente escrito, este sindicato volve a denunciar a infradotación de persoal existente nos Tribunais de Instancia de Lalín en relación co resto de xulgados das súas mesmas características (carencia dun funcionario de auxilio) situación que xa foi posta en coñecemento desa administración con data 11 de setembro do 2023, sen que ata o de agora se adoptase unha solución efectiva, máis alá de reforzos temporais.

O actual cadro de persoal non cobre adecuadamente as necesidades reais do órgano, sendo necesario completar o mesmo conforme á estrutura prevista noutros órganos do mesmo tipo da provincia de Pontevedra. Así mesmo, a recente implantación do novo modelo organizativo incrementa as necesidades do servizo, o que fai imprescindible, ademais do Auxilio do que xa carecía estruturalmente, a dotación de dous funcionarios máis do corpo de Tramitación Procesual e Administrativa.

A falta de cobertura axeitada está a provocar unha sobrecarga de traballo evidente no persoal destinado neste tribunal. Esta situación maniféstase de maneira especialmente significativa no corpo de Auxilio Xudicial, xa que a interina que nomearon e que esta de apoio transversal levando as tarefas propias (celebración de sala, atención público, exhortos civís, elaboración correo, etc), ademais destas tarefas tamén lle encomendaron tarefas do Rexistro Civil, como son os certificados e os exhortos,

Cabe puntualizar que os exhortos do Rexistro Civil non son meramente un trámite de apoio, senon que conlevan inscricións principais, nacementos, divorcios, separacións, etc, así como as complementarias. Funcións que segundo a lei de eficiencia e a propia RPT lles corresponderían a un tramitador e a un xestor.

Esta situación está a xerar un deterioro progresivo do clima laboral, co conseguinte risco psicosocial,

Por todo o exposto, solicitamos a revisión da dotación de persoal do Tribunal de Instancia de Lalín aumentando na RPT o número de tramitadores e auxilios solicitados, sen prexuízo do nomeamento neste momento de persoal de reforzo para eses postos tendo en conta que, a cobertura das prazas necesarias para completar o cadro de persoal do cal carece dende fai anos, evitaría a situación de sobrecarga e consecuentemente unha mellora no clima laboral.



De todo o manifestado no presente escrito, daremos traslado tamén ao Secretario Coordinador de Pontevedra e á comisión mixta, no seu caso.